



Memoria Anual de PRODUTOR DE RESIDUOS PERIGOSOS

Conforme ao establecido no artigo 65 da *Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular*, os produtores de residuos perigosos enviarán unha memoria resumo da información contida no arquivo cronolóxico sobre a actividade de produción de residuos perigosos correspondente ao ano anterior.

Así mesmo no artigo 26.2 da *Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia*, indica que os produtores de residuos perigosos e os pequenos produtores de residuos perigosos que se determinen regulamentariamente (produtores de residuos sanitarios), están obrigados a levar o arquivo cronolóxico de maneira telemática a través da Plataforma GaIA.

O pasado 16 de maio de 2023 o Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (MITERD), emitiu un Acordo da Comisión de Coordinación en materia de residuos relativo á obriga da remisión da Memoria Anual dos Produtores de Residuos Perigosos.

<https://www.miteco.gob.es/es/calidad-y-evaluacion-ambiental/temas/prevencion-y-gestion-residuos/comision-coordinacion.html>

Actualmente están a desenvolverse as aplicacións informáticas necesarias para eximir do cumprimento de presentar a memoria anual aos Produtores de Residuos Perigosos (P01 e P02) esixida no artigo 65 da *Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular* conforme ó establecido no punto 2.A de dito acordo.

Ata que non se desenvolvan ditas aplicacións, estarán exentos de presentar a memoria anual **aqueles produtores de residuos perigosos e pequenos produtores de residuos perigosos que leven o seu arquivo cronolóxico de forma telemática a través da plataforma GaIA (confirmando os traslados como orixe para que estes pasen ao seu arquivo cronolóxico)**, en caso contrario **deberán presentar a memoria anual** conforme o modelo establecido polo MITERD da seguinte forma:

¿En caso de non estar exento, como se debe presentar a memoria?

Debe cubrir o modelo de memoria anual (un por cada centro produtor) dispoñible na páxina web <https://sirga.xunta.gal/declaracion-anual-tramites> e presentala en formato editable a través da sede electrónica da Xunta de Galicia na páxina web <https://sede.xunta.gal/portada> escollendo o procedemento **MT201I**.

¿En caso de non estar exento, cal é o prazo de presentación?

Antes do 1 de marzo do ano posterior respecto ao cal se recolleron os datos.



¿A quen se dirixe?

Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

Subdirección Xeral de Residuos

Servizo de Residuos

Normativa aplicable:

- Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.
- Real Decreto 553/2020, do 2 de xuño, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado.
- Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.
- Decisión 2014/955/UE da Comisión, do 18 de decembro de 2014, pola que se modifica a Decisión 2000/532/CE, sobre a lista de residuos, de conformidade coa Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.